

CONSERVATORIO E MENTIRAS

Ante as manipulacións escoitadas en Redondela e en algún medio de comunicación, a Agrupación de electores de Redondela informa:

- **AER non solicita o peche do Conservatorio.** AER pide a creación dun grupo de traballo onde se aborde a organización da ensinanza musical no concello. Axuntamos a moción presentada onde se recollen estes acordos.

- **É falso que AER non respondera á solicitude de reunión da ANPA do Conservatorio.** Recibimos un correo da ANPA un domingo sendo o luns festivo para ter a reunión xa o martes. Respondemos propoñendo o luns seguinte e propoñendo unha reunión aberta co concelleiro de Cultura e coas Escolas de Música. Ante as reticencias da ANPA, volvemos propoñer o luns 6 na Casa da Cultura e somos nós os que non recibimos contestación.

http://www.ivoox.com/ventana-vigo-lunes-05-mayo-2014-audios-mp3_rf_3086184_1.html (minuto 16:00)

<http://galego.farodevigo.es/comarcas/2014/05/06/anpa-conservatorio-redondela-opone-supresion/1017715.html>

MOCIÓN SOBRE CONSERVATORIO DE MÚSICA

É conveniente poñer en evidencia a situación real dun servizo antes de facer propostas:

Total Programa 3241B: Orzamento de 374.158,31€

Taxa serv. educativos - Conservatorio música: 65.289,52€

Taxa serv. educativos - Escola de música: 25.203,25€

Subvención Xunta: Axudas a Conservatorio de música: 9.290,58€

Subvención Xunta: Axudas a Escolas de música: 2.235,36€

Subvención Deputación Escola de Música: 5.623,00€

Subvención Deputación Conservatorio de Música: 17.420,00 €

** Falamos de Dereitos recoñecidos netos*

INGRESOS TOTAIS = 125.061,93 €

GASTOS = 374.158,31 €

RESULTADO: INGRESOS – GASTOS = -249.096,38€

Dende o primeiro ano do actual mandato e no momento de ter coñecidos estes e outros datos sobre o funcionamento do Conservatorio “MUNICIPAL”, **AER tratou de facer unha análise seria sobre esta institución. Co anterior responsable de Cultura tardamos máis dun ano en acceder a datos , como nº de alumnos/as, especialidades,**

profesorado, etc. Parecía imposible que se obtiveran eses datos sen dificultade, a pesares de ser unha institución “MUNICIPAL” pagada por toda a veciñanza. Pensen vostedes que cada persoa, independentemente da idade, está a poñer 8,30€ para o Conservatorio “MUNICIPAL” e que facendo as contas coma Augas de Galicia (4 persoas por vivenda), supón que cada unidade familiar aporta 32,21€ para ese Conservatorio Municipal.

Como se ve, non rexe para este servizo en edificios municipais o principio que se determina na ordenanza segundo o cal estes servizos deben autosubvencionarse. Non só non se fai, senón que o déficit é considerable.

Co actual responsable desta institución, o concelleiro de Cultura, mantivemos unha reunión na que se analizou a situación e as posibles solucións. Pasou o tempo, remata o curso, ven outro curso e, como di a cantiga: “sempre andas dicindo para o ano que ven”.

Hai un aspecto importante a subliñar desta situación: ¿Qué tipo de poboación é a que se beneficia deste servizo “supersubvencionado”? ¿Parados? ¿Persoas en risco de exclusión social? ¿Alumnado en risco de abandono? ¿Persoas con dificultades económicas?. Respondan vostedes mesmos, respóndanlles vostedes a todas aquelas persoas que están en serios problemas económicos, problemas de supervivencia cun mínimo de dignidade. Respóndanlles que estamos a gastar, xenerosamente, 249.096,38€ nun servizo que non beneficia precisamente aos máis necesitados. E de paso díganlles que eles aportan 8,30€ por cada membro da súa unidade familiar.

Tendo como ten tan analizadas as posibles solucións o Sr. concelleiro de Cultura, facemos a seguinte proposta de acordo:

- **Supresión inmediata ao finalizar o presente curso do grao elemental do Conservatorio; mantendo e potenciando a Escola de Música, descentralizándoa o máximo posible para facela accesible á maior poboación posible.**
- **Creación, antes dun mes, dun grupo de traballo no que se inclúan representantes dos grupos da corporación e de organizacións que traballen no eido da ensinanza musical no Concello, que elabore un plan estruturado que aborde as necesidades e a organización desta ensinanza por todo o concello.**